
REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRMIÁ

ANO XXXIII • Nº 909 - Do 20 outubro ao 2 de novembro de 2014

A nova banca ética xa está operativa



A foto que fala



Mentres o ébola foi cousa de africanos…, Europa miraba para outro lado (durante 38 anos!)

O trasno Homenaxe en tempos de saqueo

Daniel López Muñoz



Cando estes días todos miramos a Teresa, auxiliar de enfermería, acordeime ben de cando tiven que ingresar a unha filla no Materno-Infantil por unha gastroenterite aguda. Se tivestes a alguén próximo internado nun hospital da rede pública seguro que sentides, neste momento, a mesma necesidade ca min. A necesidade de facer unha emocionada e agradecida homenaxe ás auxiliares de enfermería.

Elas son as que terman do sistema de atención, desde abaixo. Elas nutren e atenden. Elas tocan e limpan o intocable, cun sorriso e unha broma, cunha eficacia sorprendente, facendo natural o máis difícil, o menos agradable; devolvendo a dignidade e a limpeza aos corpiños doentes, diminuídos pola dor, a incontinencia, o malestar. Nada sen elas sería curado, porque alguén se ten que facer cargo do básico, do que se dá por suposto. Elas, medio invisibles, son os anticorpos do sistema público de saúde, xa que evitan unha enorme e cheirenta infección colectiva. (Abofé que hai hospitais no mundo que cheiran moi mal, porque carecen deste insubstituíble exército de anxos).

Recoñecer e agradecer é o que deberiamos facer todos e todas en tempos dun ébola global -e por iso, por fin, digno de atención. Motivar e prestixiar. Pero máis aínda deberían os responsables públicos.

Como non agradecer con absoluta humildade? Como non encher de bicos a esa emigrante galega, mileurista en precario? Como non aproveitar para asociala aos mellores valores que encarnan, por principio, todos e todas os profesionais que atenden e curan no sistema sanitario, a pesar dos recortes e das prioridades pervertidas?

Uns nacen para moer e outros pra seren moídos. E, así, naqueles días, con Teresa, a auxiliar, loitando por sobrevivir tras unha infección en acto de servizo, un "consejero" dicindo o que dicía e unha ministra que non daba ministrado,...representábase a grande opereta dun sistema que cheira realmente mal.

Especialmente cando,na segunda páxina dos mesmos xornais, neses precisos mesmos días, viña o detalle das birgualladas que os colegas da ex Caja Madrid, (das galegas hase saber) facían coas famosas tarxetas en negro, que deberon serun invento a medio camiño entre os finiquitos diferidos e os jaguares que atacan por sorpresa nos garaxes da España VIP. Iso si, todo entre flores, fandanguillos e alegrías.

Editorial

Un sínodo, dous tempos, tres posibles resultados

Estamos no "primeiro tempo" dun Sínodo que quer afrontar os temas máis difíciles para a xerarquía no seu trato coa comunidade: a transmisión da fe na familia, criterios en áreas sensibles como as relacións fóra do matrimonio, as unións homosexuais, os métodos anticonceptivos, as nulidades matrimoniais, ou o acceso aos sacramentos para as persoas divorciadas e voltas a casar. O "segundo tempo" será en outubro do 2015. Rematados os dous tempos, o Papa Francisco asinará un documento onde se recollan as eventuais actualizacións na maneira con que a Igrexa afronta esas cuestións.

Neste primeiro tempo (253 persoas entre cardeais, bispos, expertos, e 14 matrimonios) hai algo positivo. Por un lado, o clima de liberdade. Foi o propio Francisco quen propiciou tal clima: "Falade con parresía e escoitade con humildade... Que ninguén diga: isto non se pode dicir, pensarán de min tal cousa ou tal outra..." e mesmo, referíndose ao cardeal prefecto de Doutrina da Fe, Francisco díxolle a algúns expertos: "Falade e non teñades medo a que se vos bote enriba o cardeal Müller".

Que ninguén diga: isto non se pode dicir

E, ademais, hai unha maior participación da xente leiga e non toda "da mesma corda"..

En canto aos resultados, hai tres posibles: manter os discursos apocalípticos estilo conferencia episcopal española condenando todo o que difira do de sempre; utilizar unha linguaxe de maior comprensión e misericordia pero sen ousar cuestionar nada; ou entrar nunha dinámica profética semellante á do Vaticano II e propulsar unha renovación en campos como a moral sexual ou o asunto das persoas divorciadas. Semella ter poucas posibilidades o primeiro dado que contradiría radicalmente o "estilo Francisco". O grande reto, pois, está en saber se se poderá chegar ata o terceiro resultado, posibilidade que "ten dos nervios" a moitos colectivos católicos que mesmo ameazan co cisma. De non chegar ao terceiro resultado non haberá cisma pero perderase unha histórica oportunidade e seguirá habendo unha ruptura real no día a día entre a doutrina e a práctica de millóns de persoas que se consideran católicas. Outra mágoa.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Hai uns días, polo meu aniversario, agasalláronme cun libriño que me gustou moito. Trátase do libro *Recei contigo* publicado pola asociación xuvenil Amencer, dos Salesianos de Ourense. A publicación deste libro era moi necesaria. Presenta unha reflexión feita a varias mans sobre Alexandre Bóveda coma home cristián.

Coido que era moi necesario que alguén achegase de xeito rigoroso esta visión. Case sempre que se fala deste grande galeguista asasinado no 36 faise unha visión illada do que foi el esquecendo que era un home de fondas raíces cristiás.

Hai que agradecerlle pois a toda a boa xente que leva adiante o proxecto dos Cadernos Xalgarete que crease esta visión. Tamén hai que agradecerlles aos colaboradores da publicación, moitos deles bos amigos de *Irimia*.

O caderno colle como título as palabras de despedida de Alexandre para a súa muller, poucas horas antes da súa morte. Recei contigo. Eu comprométome dende agora a rezar con San Alexandre Bóveda, mártir galego por iso que me explicaron hai anos da comuñón dos santos.

Se queredes pedir un caderno podedes dirixirvos á asociación Amencer amencer@amencer.org. Paga a pena pórse a rezar.

1



3



2



4



A peneira

1

A industria FORESTAL constitúe máis da metade da produción en 52 concellos, pero, só en Lugo 168.000 hectáreas están improdutivas, de 652.000. Emporiso, os veciños e veciñas de Filgueira de Palas, plantaron 200 castiñeiros no monte comunal, cos nomes de cada casa, de neno e de cada nena, de benefactores da parroquia.

2

O 10 é o Día contra a pena de morte. Abraia que o 38,7% da mocidade estea a prol dela para delitos graves. Aquí denunciamos que en 7 países condenan a morte os homosexuais e en 78 as relacións son ilegais e reprimidas. Mentres o Parlament catalán aproba a primeira lei ANTIHOMOFOBIA.

3

A exposición do Arquivo de Galiza en Compostela lembra o Padre FEIJOO ata o 29 ao se facer 250 anos do pasamento. Faino con cartas autógrafas e libros de Samos, ao que pertencía, aínda que nacera en Pereiro de Aguiar. Foi un científico que rexeitou ser abade e bispo, consagrándose á procura da verdade. Tamén loitou pola igualdade da muller e contra o desprezo do galego coma un dialecto nos séculos escuros.

4

O 3 vai celebrarse a XXV Feira dos Cogumelos nas Pontes. Será despois da VI Feira do mel e do queixo, o 12 en Goente, preocupados pola desaparición do 56% dos trobos dende o ano 2000. Esta desfeita fai que se elimine a polinización necesaria para os froitos secos, kiwis ou mazás. Na foto, a micóloga Mercedes Nodar



5



7



6



8

Alfonso Blanco Torrado

5

O PARO medra coas mentiras dos poderes, que permiten horas extras non pagadas equivalentes a 87.100 empregos a xornada completa, e somos despois de Castela A Mancha, a segunda comunidade en traballar máis horas. Isto prexudica ao 72% das paradas á fronte de familias monoparentais. Na foto, os voceiros da Asemblea de Desempregados de Ferrolterra.

6

Na foto, o pacifista e profesor inglés Kember nunha manifestación contra a guerra, secuestrado en Iraq cando traballaba nunha ONG. Tres coalicións en 25 anos de guerra con Iraq só deixou máis violencia. Oa sunís impoñen o seu credo, mentres Siria e Irán lles fan fronte, e Turquía non quere a independencia dos curdos.

7

A IV Festa do Samaín na Asociación de Persoas XORDAS de Ourense, O 31, sucede ó congreso do 25 en Santiago sobre a súa integración, cando nos felicitamos polas novas aplicacións para dispositivos móviles Android, "Os meus primeiros signos Mini", o dicionario infantil da CNSE (Confederación estatal de persoas xordas).

8

Mentres as QUEIRUGAS visten Galiza, e non so producen mel, tamén dan sobrenome ás persoas e ás poboacións, as abellas son asasinadas polas avispas asiáticas, e os 319 praguicidas quimicos que medraron un 56%, contra os que loita este apicultor.

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS SARGADELOS

Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Economía ¡Bienvenido al club!

Pedro Pedrouzo Devesa



O escándalo das tarxetas opacas de Bankia é un novo episodio do desastre financeiro que protagonizou a nosa elite bancaria e política nas últimas décadas. Se algo ten de novedoso é que amplía o círculo de impostores bancarios. A foto da casta amplíase a políticos de Esquerda Unida e a demasiados sindicalistas, e trasládanos a amarga conclusión do permeables que somos os humanos á incontinencia consumista, en especial se vivimos a gastos pagos.

Pero sempre paga alguén. Ou aínda pensamos que hai cousas de balde? Todo ten un custo. Se non o asumimos os que xeramos o gasto, pagarao outro.

A estratexia que practicou Blesa con todos aqueles que podían incordiar a súa xestión en Bankia foi a adulación económica. Os episodios de mamoneo financiero parecen non ter fin. Conforme avanzamos na reconstrución da lameira na que nos metimos, máis claras parecen verse as razóns que nos levaron a ela. Fai augas a lapidaria frase de que vivimos por riba das nosas posibilidades, demonizando a aqueles que mercaron coche ampliando o crédito da súa hipoteca. A casta que acuñou esa frase tentou zafarse das súas responsabilidades trasladándoas ás clases media e baixa (verdadeiras vítimas reais da actual depresión). Conforme enfocamos *aqueles marabillosos anos*,

O escándalo das tarxetas é a radiografía da adulación económica


descubrimos aos verdadeiros vividores, a aqueles que saquearon o noso sistema financiero porque "así era como se facían as cousas". Aqueles que non explosionamos economicamente simplemente eramos *pouco* hábiles *xestionando os nosos cartos*. Con todas as oportunidades de negocio que deixamos desaproveitar!

O escándalo das tarxetas é a radiografía da adulación; explícanos como se silencia a aqueles que van adquirindo o poder que a nosa democracia lles dá para realizar un servizo público, neste caso o control das caixas de aforros, entidades que tiñan un obxectivo moito máis social que os da banca tradicional, e que os blesas da vida se cargaron definitivamente.

Que ricos fomos e que calados estabamos!

O peto común

Teresa Souto



Xa no outono, agardamos que cambie a paisaxe, que se cubra o chan de follas e castañas, de cores ocres e marróns. Buscando un compás que nos guíe, que nos indique cara a onde ir nestes tempos de cambio, quizais moitas de vós teñades claro a dirección da frecha a seguir, pero hai moita xente perdida, moita xente buscando... buscando... e ás veces non se sabe nin que buscar. Podemos preguntarnos, que equipaxe temos para iniciar a busca, con que ferramentas e recursos imos no camiño, e se todas contamos cos mesmos mapas, ou se hai mapas máis confusos, difusos, mapas cun só carreiro, mapas con autopistas trazadas, mapas en cor ou en branco e negro. E se atopamos algunha persoa perdida, sempre podemos axudarlle mostrando como nós vemos o seu mapa, ou como hai outro mapa que completa a aquel, ou explicarlle que pode colorealo e incluso trazar nel novos camiños.

O día 10 de outubro, foi o día da saúde mental, ese estado de benestar no cal as persoas conscientes das súas propias capacidades, poden afrontar as tensións normais da vida, poden traballar de forma produtiva e frutífera e son capaces de facer unha contribución á súa comunidade; a mágoa ao mellor é que ás veces estas condicións non se dan para toda a poboación, e a enfermidade é a grande esquecida, estigmatizada e excluída. Para todas esas persoas os compases ás veces non funcionan ben, e tanto marcan o sur, coma o norte, e os mapas, de cando en vez, téñenos rachados, con direccións borradas ou son mapas circulares que comezan e acaban sempre no mesmo punto. A sociedade, a comunidade, todas, podemos contribuír á sensibilización cara a ese estado no que non existe a saúde mental, cara a esas persoas que sofren o estigma e a exclusión; e cara á escoita das súas propostas e necesidades.

Mentres caen as follas e os ourizos dos castiñeiros.



Entrevista

Conversa co profesor Johannes Merkel

Xosé Lois Vilar

*Johannes Merkel foi profesor de Pedagoxía Social na Universidade Alemá de Bremen. Actualmente está xubilado, pero segue a investigar e publicará nos vindeiros meses un amplo estudo do relato oral. (*Hören, Sehen, Staunen. Kulturgeschichte des mündlichen Erzählens*, que vén sendo algo así como, "Escoitar, mirar, abraiarse. Historia cultural do conto oral").*
Ten pescudado, entre outros aspectos, a pegada histórica desta forma de comunicación nas diferentes comunidades, a importancia do relato na construción dunha comunidade, o seu lugar na sociedade actual. Johannes está pasando agora uns días nunha aldeíña da Mariña luguesa onde ten a súa humilde casa galega, de conto, desde hai xa 30 anos. E coma quen non quere o conto damos en parolar.



Johannes Merkel

Sempre que falamos do conto volvemos instintivamente a mirada ás culturas pasadas

Cómpre diferenciar entre culturas sen e con escritura. Nas sociedades que non a coñecen case todas as ideas transmítense a través dos contos. Non só a relixión, moral, dereito e regras sociais se aprendían mediante mitos; tamén os saberes prácticos da vida. Por iso foi tan importante para os nenos o seu coñecemento. Entre os indios de América do Norte practicábase un xeito de aprendizaxe de contos. Escoitábanos pola noite e tiñan que repetilos ao día seguinte. Nas culturas que sabían da escritura e que desenvolveran unha literatura, como a India e a China históricas, o conto oral público desempeñaba funcións imprescindibles. De primeiro era divertir a xente, pero ao tempo comunicábanse os valores sociais, relixiosos, morais, políticos. Iso explica que case todos os contos da India conduzan a unha conclusión moral aberta ou oculta. Na China, onde importaron os monxes budistas a tradición de contar en público, os narradores laicos instruían o seu público con sucedidos históricos e facían as maneiras de escola para as masas populares analfabetas. Nos países islámicos os narradores servían sobre todo ao pracer dos seus oíntes (unicamente masculinos) e foron pola mesma mal vistos de clérigos e xente culta; pero incluso alí afirmaron os valores vixentes entre a sociedade. A carón desta tradición pública existía outra feminina de contar no seo da familia e nos haréns, exclusiva para mulleres e meniños. As historias presentan con frecuencia mulleres valentes que burlaban maridos ou que disfrazadas de varóns vencían heroes machos, temas cos que os contistas de mercados e cafés non quitarían un peso.

> Saber contar é unha capacidade moi aconsellable para calquera profesión que traballa coas persoas.

Moito peso foi o que perdeu o relato oral na sociedade moderna. Ou non é así o conto?

Nos países europeos foi diferente. Aquí o conto oral empezou a desaparecer das rúas e feiras de vagariño, despois da invención da imprenta. Desde o século XVII o público das cidades entretíñase lendo, ou escoitando a un lector. Era a xente analfabeta do campo, e sobre todo os máis pobres, quen se divertía (e consolaba) cos contos nos que soñaban unha vida menos oprimida. Iso explica que nos contos tradicionais sexan sempre os máis desprezados os que conquistan princesas e reinos (ou as heroínas casan cun príncipe). Co cambio de vida que trae a industrialización os labregos convertéronse en traballadores de fábrica, reciben unha formación básica e sabendo ler divírtense con contos escritos de tipo trivial. Na sociedade literarizada (digamos do 1900) o conto oral persistía nuns poucos recantos afastados do campo. Pero no entre mentres os contos tradicionais xa se converteran en literatura para cativos, que lles eran lidos xeralmente dun libro (como a famosa colección dos irmáns Grimm).

E agora que xa somos máis sabidos, que nos pode achegar a práctica do relato oral?

O que caracteriza o conto oral máis profundamente e o diferenza á súa vez da literatura (e dos medios de comunicación en xeral) é a súa "interactividade"; o narrador observa os seus oíntes e toma conta das súas reaccións para a formulación das súas palabras e incluso para o desenvolvemento da narración (por iso temos tantas variantes de cada conto tradicional.) Este feito caracteriza tanto o relato como o narrador. Os mitos relixiosos en culturas analfabetas poden parecernos un ben cultural sacrosanto, intocable pola importancia que tiñan para a existencia destas sociedades. Porén, eu quedei abraiado polo grao de improvisación que se practicaba na presentación dos mitos da súa orixe. Mantendo os trazos principais, os narradores adornáronos segundo as súas experiencias, incorporaron novos episodios, etc. Os Apaches Jicarillos, por exemplo, crearon un mito que explica como os deuses crearon ao primeiro ser branco; e outro que explicaba por que os deuses non entregaban fusís aos indios, se non soamente arcos e frechas; mitos que, con toda evidencia, non lles aprenderon os seus antepasados anteriores á chegada dos europeos. Pola contra do conto narrado cara a cara, os medios de comunicación máis modernos, tanto literatura coma audiovisuais, non poden contestar ás reaccións dos seus públicos. Certo que ningún narrador competirá coa precisión con que estes medios representan mundos completamente fantásticos; pero el pode ofrecer aquilo do que estes medios carecen e precisan finxir: unha comunicación mutua . O feito é ben significativo. O novo interese nos contos orais que vemos nos últimos decenios non xurdiu entre as sociedades máis tradicionais se non entre as máis avanzadas coma os Estados Unidos e se valora hoxe en día nos países máis asolagados pola omnipresencia de medios audiovisuais e electrónicos.

Poderá, xa que logo, coexistir coas outras formas de comunicación escrita e audiovisual?

Aínda que ao longo da historia o conto oral foi o medio de comunicación máis importante, hoxe soamente pode completar a comunicación pública e ofrecer unha forma máis íntima e comunitaria de lecer; mais hai que observar unha limitación fundamental: o narrador só pode achegarse a un público restrinxido. Presentado na televisión ou en cintas audiovisuais perde forzosamente o seu carácter principal e decisivo. Polo tanto, mantendo a intimidade e a interactividade cos seus espectadores ofrecerá unha alternativa para os seareiros desta forma de presentación e intercambio cultural.



O conta contos ofrece aquello do que os novos medios carecen e precisan finxir: unha comunicación mutua

Sería entón aconsellable seguir a cultivalo? Se isto é así, como debería facerse?

Saber contar paréceme unha capacidade moi aconsellable para todas as profesións que traballan directamente coas persoas. Outra cousa é se falamos dos que buscan gañar a vida narrando en público. Xorde un problema bastante difícil: o conto oral non é (ou quizabes aínda non é) o que foi en sociedades históricas: unha forma de diversión cultural amplamente recoñecida (como o teatro, o cine, o concerto). Como ademais soamente se pode practicar por diante dun número determinado de espectadores,



Johannes con Xiana Vilar Sopeña

Entrevista Conversa co profesor Johannes Merkel

Xosé Lois Vilar



China, ano 1900. Contador popular. (Tarxeta postal que foi elaborada a partir dunha fotografía de soldados alemáns).

fáiselle difícil aos contacontos profesionais vivir das súas actuacións. En grande parte viven, á parte de actuacións en pequenos teatros, do feito de contaren en institucións sociais onde están pouco remunerados.

En sociedades tan cosmopolitas coma as nosas pode o conto facer contribucións relevantes tanto na construción da linguaxe como na da cultura?

Os "novos" narradores non presentan unha tradición da cultura da súa orixe, se non que relatan as riquezas da literatura oral de diferentes sociedades. Neste sentido encaixan dentro dunha cultura cada vez máis cosmopolita e mundial. Ademais poden representar e divulgar estas tradicións de maneira accesible e divertida. Os contos femininos, dos que veño de falar máis, por exemplo, permiten subliñar e reforzar o cambio de roles sociais das mulleres.

E para os meniños de hoxe seguen a ser "os contos" un instrumento útil na súa educación?

Ata hoxe, e despois de tanto contar contos aos pequerrechos, o que aínda me sorprende é a fascinación que demostran por calquera forma de narración, sobre todo cando se ilustra con xestos e pequenas actuacións. E son precisamente aqueles nenos que están medrando coas diversións que lles ofrece o mercado desde os libros ata os xogos de informática. Moitas veces escoitei despois de contar: "Pero isto é coma a televisión." Non hai que esquecer cantas informacións rexistran, case "sen se decatar", de narracións que escoitan, como se de libros ou de medios audiovisuais se tratase. Porén, o conto oral aínda lles ensina máis. Escoitando acostúmanse a contar eles mesmos; e o saber relatar sérvelles para expresar logo os seus sentimentos, algo que lles sería moi difícil de aprender por medio dunha linguaxe explicativa. No tocante á linguaxe o conto narrado ten un efecto que ao meu entender non se reflicte nin se estima bastante na educación literaria. Quen narra sucesos e comportamentos dun mundo alleo ao mundo de cada día, non se pode expresar unicamente na linguaxe que usamos acotío para entendérmonos. Contando, un ten que facer imaxinables os homes e ambientes do mundo narrado, por iso ten que describir este mundo con palabras e frases de estilo literario, con expresións que a primeira vista soan bastante estrañas para os nenos. Á súa vez o narrador observa ao seu público para percibir cando xa non o entende ben e procurar unha formulación máis accesible. Quérese dicir, que o narrador fai o relato a cabalo dunha linguaxe literaria que se mestura con outra máis comprensible. Contar ofrece algo coma unha ponte, que leva da linguaxe de cada día a unha linguaxe formal que os cativos deben manexar tanto para saber escribir como para poder expresarse en calquera dos medios de comunicación ao uso.

Aos nenos, o relatar sérvelles para expresar os seus sentimentos



Johannes e Xosé Lois en Alemani

Novidades en Fiare Banca Ética

Manuel Adame

Como ben sabes, vimos informando de tanto en tanto da evolución de Fiare Banca Etica na nosa revista. Nesta nova etapa que está a vivir a cooperativa de crédito, coa apertura da súa nova oficina en Bilbao, veñen de darnos a coñecer unha serie de novas que queremos compartir con vós a través deste texto de Peru Sasia, Conselleiro da Área Fiare.

Coa apertura o 1 de Outubro da oficina de Fiare en Bilbao e o comezo das nosas operacións como entidade bancaria, iniciamos unha nova fase. Unha nova fase que encerra os mesmos retos de fondo que alumaron o proxecto hai máis de dez anos. É certo que agora podemos ofrecer á cidadanía os produtos financeiros típicos de calquera outra entidade, pero non podemos esquecer que, con iso, seguimos avanzando na construción dun proxecto cuxo maior valor son as relacións, e ese é o seu principal elemento de alternativa.

Cambian as nosas direccións en Internet. Xa non somos "proyectofiare.com", somos "fiarebancaetica.coop". Unha metáfora do importante paso que estamos a dar estes días, aínda que a algúns nos siga gustando falar dun "proxecto" vivo, dinámico, atento á realidade… Sabemos que este novo escenario conserva os retos que inspiraron a construción cooperativa que, desde Italia e desde o Estado español, deu lugar a unha realidade europea que nos pertence a todos/as.

Sabemos que as cuestións clave seguen aí: como organizarnos, como reforzar a participación, como incorporar a perspectiva de xénero, como incorporar a xente nova, como relacionarnos coas organizacións que queren comprometerse neste camiño de construción dunha banca ética de forte arraigamento cidadán… En definitiva, como reforzar unha lexitimidade que, non o esquezamos, aséntase na nosa capacidade de crear condicións máis xustas na nosa contorna. E iso, hoxe, non cambiou. A web, a imaxe, as instalacións, poderán ir cambiando (deberán facelo), pero os retos de base seguirán aí. E iso non nos frustra, senón todo o contrario, é o que dá sentido a cada paso que damos. Celebremos o momento, que merece a pena.

Peru Sasia
Conselleiro da Área Fiare



Fachada da oficina de Fiare en Bilbao

Xunto coa oficina, tamén vén de inaugurarse a súa nova web: http://www.fiarebancaetica.com. Entre a información que alí aparece veñen recollidos os servizos que vai ofrecer para as persoas socias. Aproveitamos para animarvos a sumarvos a esta alternativa á banca tradicional, chea de valores, transparencia e participación. É moi sinxelo, só é preciso cubrir e asinar un documento por duplicado e facer unha achega de 300€ de capital social e 30€ de fondo perdido. Se estades interesados entrade na nova web ou en http://fiaregz.wordpress.com/ Para calquera dúbida: galizasur@proyectofiare.com ou galizanorte@proyectofiare.com ou nos teléfonos de Manuel Adame (655028253) e Alfonso Mascuñana (606816047).

Fiare está en disposición de ofrecer á cidadanía os produtos financeiros típicos de calquera outra entidade

Horizonte Universal

J. A. Martínez

Reflexión sobre o sínodo diocesano compostelán



O Papa pon a Igrexa en estado de Sínodo. Así se expresaba José Manuel Vidal, un dos relatores convidados este ano ao Foro Encrucillada. Para el, Francisco está a "potenciar ao máximo a *colexialidade-sinodalidade* entre os pastores da Igrexa, así como a corresponsabilidade dos laicos". O o Sínodo dos bispos sobre a Familia, tan mediático desde a súa preparación, era unha boa proba dos aires de renovación da Igrexa.

En outubro de hai dous anos comezaba en Santiago un sínodo diocesano que ten previsto a súa súa clausura o ano próximo. Baixo o lema "Renovarnos en comuñón desde Cristo", este longo proceso sinodal permite achegármonos a se eses aires de renovación sopran nunha das nosas dioceses.

O sínodo. Unha oportunidade

Había máis de 100 anos que non se convocaba un sínodo en Compostela. 50 anos despois do Vaticano II aínda ningún arcebispo tivera a ben convocar un sínodo para reflexionar e aplicar os cambios radicais que provocaron na Igrexa. Só por isto é de agradecer a iniciativa do bispo Julián Barrio.

Este sínodo diocesano, é dicir, a "asemblea de sacerdotes e doutros fieis escollidos nunha igrexa particular e que prestan a súa axuda ao bispo da diocese para o ben de toda a comunidade diocesana" preséntase como unha gran oportunidade para anunciar o Evanxeo, a boa nova. Os seus organizadores expoñen con claridade os seus obxectivos:responder en terras compostelás á misión da Igrexa, que non é outra que "transmitir a alegría para que a alegría medre".

Mais a proximidade do sínodo de Tui-Vigo, clausurado no 2006, fainos ser cautos sobre a capacidade de renovación eclesial deste tipo de asembleas. Ningunha das 146 propostas (Constitucións Sinodais) que se aprobaron en Tui-Vigo non só non afrontaron ningún dos debates abertos na Igrexa actualmente, como por exemplo todos os que se están a levar ao actual Sínodo da Familia en Roma, senón que oito anos despois podemos dicir que non supuxo ningunha mudanza nin renovación na diocese do sur de Galicia.

> É significativo que nos documentos do sínodo se cite máis a Bieito XVI que á Biblia

Non é problema de persoas. É a estrutura!

A efectividade do que se debata no sínodo, a existencia dunhas conclusións que guíen a Igrexa no seguimento da boa nova de Xesús non depende, principalmente, da boa vontade das persoas que nel participan, senón da estrutura da que emanan.

Cómpre destacarmos a alegría das persoas que participaron nos grupos de traballos. Por primeira vez se lles consultaba sobre aspectos da súa Igrexa e non desaproveitaron a oportunidade. Traballaron con seriedade os documentos e achegaron as súas conclusións. Tampouco non temos que dubidar dos organizadores do Sínodo, que puxeron nel toda a boa vontade e o seu esforzo para que for o máis proveitoso posible. Mais a propia estrutura do Sínodo, que reflicte a estrutura da diocese, condiciona os resultados do mesmo.

A parroquia. O sínodo constrúese a partir das parroquias e para quen van ás parroquias. As propias normas de constitución dos grupos de traballos dificultan moito a participación doutros grupos de Igrexa á marxe do parroquial. É un sínodo para quen xa está dentro, non de apertura á sociedade. Outro enfoque sería a enquisa pública que o papa Francisco propuxo antes do sínodo de bispos, que mobilizou parte da sociedade e achegou o debate á Igrexa. En Santiago, coa rixidez na constitución dos grupos, afastouse o debate non só da sociedade, senón das cristiás que non van ád misa.

A Comisión Xeral Sinodal, que é quen dirixe e supervisa todo o proceso, está composta 61 persoas. Cantos laicos hai? 21. E cantas mulleres? 9, 7 laicas e 2 relixiosas. Os números cantan, e serán homes, na súa grande maioría sacerdotes, quen controlarán todo o proceso. Unha representación moi pouco plural mesmo para a pluralidade das fieis que van ás parroquias (fundamentalmente laicas e mulleres).

Transmitir a boa nova. Ou vivir a boa nova?

Dos cinco apartados en que estaba dividido o traballo do sínodo, os grupos de traballo abordaron o primeiro, baixo o lema "Identidade cristiá e transmisión da fe". Malia que se fala da necesidade dunha fonda espiritualidade, as orientacións xiraban sobre a transmisión da fe. Para quen lea os documentos e fichas de traballo observará que persiste esa idea de que o problema non está no que a Igrexa defende, no que vive, senón en que non sabe comunicar a súa verdade ao resto da sociedade.

Un percorrido previo sobre o documento de 32 páxinas que a comisión relatora propón sobre o tema da transmisión da fe, dános unha visión sobre o modelo de Igrexa que transloce. Pode que nos ataquen por sermos demasiado "protestantes", mais saben cantas veces se citan textos bíblicos? 5. Habería que buscar un equilibrio entre a Biblia e a tradición, mais neste documento non se logra. Hai 14 citas do Directorio Xeral da Catequese, 3 do catecismo ou 6 de documentos da CEE. Mais o groso, saben a quen corresponde? Evidentemente, aos diferentes Papas. Tarancón xa morreu hai tempo, porén os nosos bispos seguen a ter cabalo de tanto que miran a Roma. Que aparezan citados 11 veces documentos de Xoán Paulo II, pode pasar, pola duración do seu pontificado, mais que se cite máis a Bieito XVI que á Biblia, é completamente un exceso. E aínda faltan as citas a Francisco e a Paulo VI. Para que termos Biblia se xa temos encíclicas!, dirán algúns.

É un sínodo para quen xa está dentro, non de apertura á sociedade.

Prioridades: que Igrexa para o s. XXI?

Onde cómpre centrármonos para transmitir a nosa fe? Os relatores propóñennos catro eidos: parroquia, familia, escola e novas tecnoloxías e medios de comunicación. Os tres primeiros son os ámbitos tradicionais de evanxelización. Haberá novas propostas que supoñan unha renovación? Teremos que agardar ás conclusións do sínodo para velo, mais nos documentos segue a ter moito peso o catequético e no apartado das familias nada se fala das novas realidades familiares.

Centrándonos no apartado de relixión e escola, o sínodo pon negro sobre branco o que os detractores da materia de relixión no ensino tanto denuncian: é unha materia adoutrinadora. "*O ensino escolar da relixión encádrase na misión evanxelizadora da Igrexa*", exponse. A indicación que "*clase e catequese poderían desequilibrarse a unha sen a outra. Agás en circunstancias excepcionais, os cativos e adolescentes que solicitan os sacramentos deberían estar inscritos na clase de relixión*", tería que facer intervir as autoridades educativas, posto que se pode entender que se está a coartar a liberdade de escolla das familias. É un tema que daría para moito debate.

O sínodo é un primeiro paso, que deu a oportunidade de debater por primeira vez, na Igrexa e sobre a Igrexa, a moitas cristiás da diocese compostelá. Dicíanos un dos participantes, satisfeito co alí tratado, que postos a debater que se podería continuar por algúns dos temas que tanto preocupan á xente: a pobreza, as desigualdades, o medio natural, ou o desentendemento por parte dos poderosos e a xerarquía das preocupacións reais da xente. Agardemos que non haxa que esperar outros cen anos.

P.D. E a presenza do galego? Vexan a web da arquidiocese e valoren.




Anuncio

A Romaxe na voz de A Quenlla

Irimia edita un libro-disco con quince temas da Romaxe na voz da Quenlla. A *Rumboia*, *Irmaus,* o *Credo Galego*, o *Magníficat…* máis un completo libro que describe as romaxes nas súas catro décadas, do Pedregal de Irimia a Santa Uxía de Lobás.

A venda no Foro de Encrucillada ou podes facer o teu pedido a

asociacion-irimia@asociacion-irimia.org



IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: . . . . . APELIDOS: . . . . .
ENDEREZO: . . . . .
CÓD. POSTAL: . . . . . CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . .
TELÉFONO . . . . . CORREO ELECTRÓNICO . . . . .

QUERO SER SOCIA/-O: 3 € ❑
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 25 € ❑
De apoio: 40 € ❑ Subscricción anual (22 números)
QUERO SER 60x100: **60 € ❑**

DOMICILIACIÓN
BANCO OU CAIXA E AFORROS: . . . . .
DOMICILIO DO BANCO: . . . . . CÓD. POSTAL: . . . . .
CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . . TITULAR DA CONTA: . . . . .
Nº de CONTA: _ _ _ _ /_ _ _ _ /_ _ /_ _ _ _ _ _ _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 201__.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.
COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org
SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscricións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.
PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org
CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)
ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas **DISTRIBÚE:** IMPACTA
EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml

Boa Nova



O ECO

Encántame iso de "tapar a boca". Non podo evitar unha lembranza que me habita dende o mes de xuño pasado.

Baixo do tren nunha estación en algures, xa é de noite, vou soa pero vou feliz. Ao rematar a plataforma dos corpos se encontran, tápanse a boca, apértanse ate fundirse. Non podo varrer, nin quero, a sensación que quedou impresa na memoria da miña pel… Foi como recibir o sol en plena cara, percibir calor de verán. Sensación fonda do amor feito carne, posible e fecundo, so por existir. Cumprimento absoluto do segundo mandamento.

Nada que ver co amor tépedo e insípido, coa brandura comedida de quen ama por obriga, porque é o que ten que ser, un pouco coa mesma intensidade coa que algúns atan os cordóns dos zapatos, ben apertados para sentir que os leva postos.

Eu quero amar coma aqueles dous homes, sen medida, sen medo, sen mirar a quen mira, esquecer onde estou, a hora que é e ate como me chamo, amar así, so amar, merece a pena. Sen froito nin proveito computable no PIB nin na pirámide demográfica, amor puro e duro, amor próximo tan próximo que quenta e ilumina.

Grazas por eses soles aos que confeso quentarme sempre que amañece algún á vista, grazas a quen se quere así, sen careta, e me regala clases prácticas de amor gratuíto e incondicional, exposto á intemperie, aínda que só dure o tempo que leva baixar dun tren. Grazas polos que saben tapar bocas dese xeito que salva o mundo e reconcilia.

Christina

A PALABRA

DOMINGO 28 DE OUTUBRO. XXX DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Mt 22, 34-40

Naquel tempo, ao se decataren os fariseos de que Xesús lles tapara a boca aos saduceos, reuníronse onda el, e un deles, doutor da lei, preguntoulle para poñelo a proba: "Mestre, cal é na Lei o gran mandamento?". El respondeulle: "Amarás o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón e con toda a túa alma e con todo o teu entendemento; este é o mandamento grande e primeiro. O segundo é semellante a el: Amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Destes dous mandamentos dependen a Lei enteira e mailos profetas".

A CLAVE

Cal é o mandamento máis importante da Lei?

Xesús de cotío ten que enfrontarse con xente que intenta deixalo en evidencia e demostrar que a súa mensaxe non é válida e así poder acabar con el. No texto de hoxe son os fariseos os que poñen a proba o mestre, intentando demostrar que non sabe interpretar a Lei.

Nos tempos de Xesús os preceptos elaborados a partir da Escritura eran infinitos e os eruditos e xuristas pelexaban entre eles para ver quen tiña a mellor interpretación. Acertar nese labirinto normativo supoñía influencia e autoridade ante o pobo.

Un xurista fariseo plantexa neste relato o mestre a pregunta "do millón": cal é o mandamento máis importante?. El afronta o desafío redefinindo a cuestión, situándose mais aló da casuística e definindo onde está o autentico fundamento da Lei. Despois de citar o comezo do Shema (o credo de Israel, que se atopa no Dt 6, 4-9) cita o final da lexislación social do levítico (Lv 19, 18) que xustifica esa normativa: "amarás o teu próximo coma a ti mesmo". Xuntando así os dos textos o mestre evidencia que non e cuestión de "cumprir" a Lei senón de ter presente o importante: o amor fondo e gratuíto a Deus e os irmáns e as irmás.

A súa resposta deixa sen palabras os presentes (Mt 22, 46) pero evidencia unha vez máis a confrontación entre os poderos e Xesús como evanxeo no capítulo seguinte.

A comunidade de Mateo, cunha forte presenza xudía, vive esa mesma tensión fronte a Lei. O evanxelista invítaos, co recordo deste texto, a non perder o horizonte da vida cristiá.

Carme Soto

Falando da lingua

Deus dáo na eira e María… tólleo na maseira…

Lidia e Valentina


POLÉMICA

As palabras de Carboeiro axitan o vestiario do Madrid

A xornalista definiu a Cristiano Ronaldo como «egoísta e individualista» e agora matiza as súas opinións

REDACCIÓN/A VOZ. | 23/9/2010

Valoración (0 votos)

Sara Carbonero regresou á actualidade. E, nesta ocasión, non foi por mor da súa relación sentimental co porteiro da selección española e do Real Madrid, Iker Casillas, senón polo seu labor de informadora opinadora.

A xornalista de Telecinco asegurara no programa de Ana Rosa Quintana emitido polo mesmo canle televisiva que «Cristiano Ronaldo non está

"O galego é unha das 26 linguas máis usadas nas redes sociais". Este era o atractivo e alentador titular dun artigo dun xornal dos de maior tirada na nosa terra un día destes de atrás. A idea era boa, agora ben o tradutor automático (queremos pensar!) fai o que pode, pero sempre require un repaso, e desta volta non debeu dar tempo Podemos usar o texto como pretexto e repasar catro cousiñas básicas da nosa lingua…

1- en galego non existen os tempos compostos (parécenos que a ninguén lle cabe dúbida a estas alturas xa). Non é correcto, polo tanto, dicir "non significa que o número de galegofalantes *haxa medrado", senón que debemos dicir "medrase".

2- a única forma correcta para o neutro do demostrativo posesivo é **isto, iso aquilo**. Non é correcto, polo tanto, "*Esto despréndese dos datos", senón que debemos dicir "Isto despréndese dos datos".

3- o participio "dito", cando se pretende substantivar, debe ir concretado por un artigo. Non é correcto, polo tanto, "*Dito encontro", senón que debemos dicir "O dito encontro".

4- o complemento directo en galego non leva preposición, salvo cando é un nome propio, un nome de parentesco, cando é a palabra "todos" ou cando queda confuso. Ningún destes é o caso de "reuniu *a 35 especialistas", polo tanto, o correcto é "reuniu 35 especialistas".

5- os grupos -ct- e -cc- simplifícanse en galego cando os precede un "i" ou un "u" (excepto en linguaxes especializadas ou para evitar homonimias), polo tanto "*traducción" non é correcto, senón que debemos dicir "tradución". O tradutor si tivo en conta esta norma en "infraestruturas"…

6- o pronome persoal átono en galego vai despois do verbo, salvo nunha serie de casos, entre eles, nas oracións subordinadas. Non é correcto, polo tanto "que *tradúcese" , senón que debemos dicir "que se traduce".

7- a preposición "en" contrae en galego co artigo determinado, polo tanto non é correcto "*en no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia", senón que debemos dicir "no Centro…"

8- a preposición "de" non contrae con ningún adverbio, tampouco con aí Entón non é corecto "*daí", senón que debemos dicir "de aí".

9- os ditongos decrecentes non levan acento gráfico en galego, polo tanto "*además" non é correcto, debemos escribir "ademais".

E paramos esperando que o autor do devandito artigo poida empezar por repasar a gramática da lingua galega...

O Fachineiro do teatro

A tempestade



Este é o título da última peza teatral que escribiu Shakespeare e a que a compañía Voadora está levando á escena esta tempada. O texto orixinal parece un testamento do autor británico, porque recolle elementos esenciais doutras obras. Próspero, o duque de Milán foi desprazado do poder polo seu irmán e vive desterrado nunha illa dende hai anos coa única compañía da súa filla, que chegou alí sendo unha nena. Cando os seus inimigos pasan cerca da illa nun barco, por medio da maxia, Próspero é quen de convocar unha tempestade e aí xorden as paixóns (sobre todo o amor e a vinganza) que o autor inglés gustaba de ambientar en países latinos. Por máis que custe crelo, a obra sostén que o perdón é máis satisfactorio cá vinganza. Arriscando o spoiler hai que dicir que o duque perdoa as aldraxes e retírase a Milán a agardar pola morte. Talmente fixo Shakespeare, que había morrer tres anos despois de escribila. Voadora fai unha versión novidosa, con mestura de xéneros, con música en directo, con metateatro (a obra estase a ensaiar ao mesmo tempo que se representa), humor e a presenza activa do público na propia peza. Moi recomendable a non ser que vaiamos procurando as palabras de Shakespeare en cada diálogo. Absterse puristas de teatro clásico.

A.Q.